

MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E DIVERSOS CONCELLOS PARA O FINANCIAMENTO DA CONSTRUCCIÓN, REFORMA OU AMPLIACIÓN DE CENTROS DE DÍA E RESIDENCIAS DE MAIORES, EN DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE INVESTIMENTOS PARA A CONSTRUCCIÓN, REFORMA OU AMPLIACIÓN DE EQUIPAMENTOS SOCIAIS PÚBLICOS MUNICIPAIS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA, NEXTGENERATIONEU, NOS EXERCICIOS 2024 E 2025

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, creado en virtude do convenio de colaboración subscrito entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e os Concellos, o día 3 de xullo de 2006, de acordo co artigo 6 dos seus estatutos, publicados no DOG do 7 de xullo de 2006, ten como misión primordial a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local, (centros de prestación de servizos sociais de atención especializada e tamén centros de prestación de servizos sociais de atención primaria "cando así o solicite o concello interesado"), con atención especial á xestión integral das Escolas Infantís e dos centros de atención ás persoas maiores de titularidade municipal, no ámbito territorial dos entes consorciados.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar nace así, de acordo ás súas finalidades e competencias, co obxecto de implantar un modelo homoxéneo de prestación de servizos sociais segundo se establece no artigo 6 dos seus estatutos, e desta maneira:

- Garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais públicos de calidade, a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente;
- Incrementar os niveis de cobertura, intensidade e calidade de atención dos distintos servizos e prestacións;
- Realizar unha distribución efectiva dos servizos e prestacións a fin de dar resposta ás necesidades reais da poboación, asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles, a través de procesos de planificación previa, e tendo como principio de actuación o mantemento das persoas no seu contorno propio.



De acordo co artigo 60 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, en relación co disposto nos artigos 10 a 13 deste mesmo texto legal, os concellos teñen atribuídas a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios, tanto básicos como específicos, aínda que o artigo 59.i) tamén atribúe á Xunta de Galicia a creación, mantemento e xestión dos centros e programas dos servizos sociais comunitarios específicos que, pola súa natureza, ámbito supramunicipal ou outras circunstancias, debidamente xustificadas no marco do Plan estratéxico de servizos sociais, asuma a Xunta de Galicia.

Asemade, consonte o artigo 25.2 do Decreto 99/2012, de 26 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG núm. 63, do 30 de marzo), os servizos sociais comunitarios específicos actuarán como servizos de proximidade no medio vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e calidade de vida, sendo as súas funcións, entre outras, a atención de persoas maiores en equipamentos que faciliten a súa socialización activa, a prevención da dependencia e a promoción da autonomía persoal.

A antedita Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, establece ademais no seu artigo 64 e 64 bis que a Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos co fin de asegurar a calidade e cunha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e ao mantemento de servizos sociais comunitarios específicos. Esta coordinación poderá levarse a cabo a través de fórmulas xurídicas adecuadas para tal fin, como as fórmulas de cooperación interadministrativa de natureza consorcial. Para estes efectos, a disposición adicional segunda da devandita lei fai referencia expresa ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o cumprimento deses obxectivos, ao estipular que o Consorcio promoverá a coordinación e cooperación efectiva cos concellos galegos co fin de asegurar unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio de Galicia.

Neste sentido, segundo o previsto no artigo 7.d) dos Estatutos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (DOG núm. 131, do 7 de xullo de 2006), no cumprimento dos seus fins, o Consorcio exercerá, en todo caso, e no ámbito territorial dos entes consorciados, como competencia específica, a determinación e/ou execución, en colaboración cos concellos, se é o



caso, das obras de construción, mellora, reforma ou adaptación de instalacións que poidan ser necesarias para a prestación de servizos.

O Consello Europeo aprobou o 21 de xullo de 2020 a creación do programa NextGenerationEU, como instrumento de estímulo económico en resposta á crise causada polo Corona virus.

O 10 de novembro de 2020, o Parlamento Europeo e o Consello alcanzaron o acordo sobre o paquete de medidas que inclúe os fondos de NextGenerationEU e o Marco Financeiro Plurianual 2021-2027, creándose o Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia, como instrumento de apoio aos Estados membros a través de transferencias directas e préstamos para incrementar os investimentos públicos e acometer reformas para paliar os devastadores danos producidos pola COVID-19.

O Regulamento (UE) no 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, sinala que os Estados membros elaborarán plans de recuperación e resiliencia nacionais para acollerse a este e alcanzar os obxectivos establecidos e presentarse formalmente polos Estados, como moi tarde o 30 de abril do 2021.

En virtude da Resolución da Subsecretaría de Asuntos Económicos e Transformación Dixital do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital do 29 de abril de 2021, publícase o Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que define as estratexias a seguir no desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación.

As medidas que recolle o dito plan cumpren cos seis piares establecidos polo antedito Regulamento da UE no 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e articúlanse ao redor de catro eixes principais: a transición ecolóxica, a transformación dixital, a cohesión social e territorial e a igualdade de xénero. Estes catro eixes de traballo desenvólvense a través de dez políticas panca que integran trinta compoñentes ou liñas de acción, para contribuír a alcanzar os obxectivos xerais do plan.

O Plan de Recuperación articula unha axenda coherente de reformas estruturais que responden ao diagnóstico compartido polas institucións europeas, o goberno español e os principais axentes económicos e sociais, en ámbitos clave para reforzar a estrutura económica e social do país; concretamente, no ámbito dos servizos sociais, aquelas necesarias para a implantación



dun estado de benestar moderno que protexa aos cidadáns, garanta o coidado das persoas destinatarias, reforce os ditos servizos sociais e proporcione oportunidades vitais ás novas xeracións.

O Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia aprobou, con data do 30 de abril de 2021, o Acordo para a distribución dos créditos para o financiamento de proxectos de investimento das comunidades autónomas, e as cidades de Ceuta e Melilla, no marco do compoñente 22 relativo á “Economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión social” do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

No seo deste acordo, con data do 27 de agosto de 2021 o Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 e a Comunidade Autónoma de Galicia asinaron o Convenio de colaboración para a execución de proxectos con cargo aos Fondos Europeos procedentes do mecanismo para a recuperación e resiliencia, dentro do eixo de “Economía de coidados e reforzo de políticas de igualdade inclusión” do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

No marco deste convenio foron acordados os proxectos a executar por parte da Comunidade Autónoma de Galicia con cargo aos fondos europeos procedentes do mecanismo de recuperación e resiliencia, os fitos e obxectivos dos mesmos, así como as achegas necesarias para o financiamento de cada un deles. O dito acordo prevé na súa cláusula 6º a participación das entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, para o cal, a Comunidade Autónoma de Galicia, consonte o apartado 2º desta cláusula, *“establecerá coas entidades locais do seu territorio os instrumentos de colaboración adecuados, de acordo coa realidade institucional de cada caso”*.

Dentro dos anteditos proxectos inclúese, no anexo III do devandito convenio, a transformación da rede de coidados de larga duración a través da construción, adquisición, reforma e modernización de equipamentos. En concreto, na liña C22.I1, recóllese o Plan de investimentos para construír, reformar ou ampliar equipamentos sociais públicos municipais, que contempla un conxunto de investimentos de centros públicos municipais (residencias, centros de día, vivendas comunitarias ou centros sociais) para favorecer os apoios e coidados de proximidade con recursos adaptados ao novo modelo asistencial, centrado na persoa. Preténdese así fortalecer a rede de centros de menor tamaño e maior proximidade en zonas rurais que carecen



deste tipo de equipamentos, garantindo así a participación das persoas usuarias en actividades da vida cotiá e a súa interacción social un entorno de proximidade.

Estas iniciativas serán financiadas, tal e como se recolle no referido anexo, a través de convenios coas entidades locais, responsables dos devanditos espazos, que serán os encargados de executar os investimentos.

No marco do convenio asinado pola Comunidade Autónoma de Galicia co Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2020 con data do 27 de agosto de 2021, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Federación Galega de Municipios e Provincias asinaron, con data do 1.3.2022 (DOG núm. 45, do 7 de marzo), o Acordo Marco para o desenvolvemento do plan de investimentos para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais públicos municipais, con cargo aos fondos europeos procedentes do mecanismo de recuperación e resiliencia, prorrogado en virtude de acordo do 19.12.2023.

O texto íntegro do devandito acordo e o modelo de solicitude para participar no Plan de investimentos para o financiamento da construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais públicos municipais, foron publicados na páxina web do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, finalizando o prazo para a presentación de solicitudes con data do 22.4.2022 (DOG núm. 45, do 7 de marzo).

Con data do 23.9.2022 constituíuse a comisión mixta Consorcio- FEGAMP, de conformidade co previsto no apartado 2º da cláusula 4ª do Acordo Marco do 1.3.2022 entre a FEGAMP e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o desenvolvemento do Plan de Investimentos para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais públicos municipais.

A Comisión constituída ao abeiro do referido acordo marco desenvolveu os traballos necesarios para a selección dos proxectos, tendo en conta, de conformidade co previsto no apartado 2º da cláusula 4ª do acordo marco asinado o 1.3.2022, os criterios de prioridade seguintes:

1º.- Concellos de menos de 20.000 habitantes, entre os que se dará prioridade aos de menor poboación.

2º.- Concellos que carezan doutros recursos das mesmas características.



3º.- Viabilidade técnica e económica para a posta en funcionamento dos centros.

Consonte o anterior, a Comisión Mixta adoptou, na xuntanza do 3.4.2024, o acordo de selección dos proxectos, de conformidade " *cos criterios de prioridade establecidos en 1º e 2º lugar no Acordo Marco entre a FEGAMP e o Consorcio – concellos de menos de 20.000 habitantes (con prioridade aos de menor poboación) e que carezan doutros recursos das mesmas características)- e atendendo á viabilidade técnica e económica dos proxectos presentados, segundo a documentación presentada neste sentido polos concellos solicitantes que foron requiridos para tal fin*".

Os proxectos seleccionados son os que se relacionan a continuación:

CONCELLO	DESCRICIÓN PROXECTO	IMPORTE FINANCIAMENTO
Teixeira	Construción Residencia	1.200.000,00 €
Chandrea de Queixa	Reforma de Residencia	361.094,92 €
Blancos	Construción Mini-residencia	1.200.000,00 €
Manzaneda	Reforma da Residencia municipal	304.865,85 €
Verea	Construción Fogar Residencial	728.712,00 €
Dozón	Construción de Residencia e Centro de día	1.500.000,00 €
A Bola	Reforma de Residencia	121.644,54 €
Toques	Construción Centro de día	283.324,87 €
Piñor	Construción Residencia	1.199.849,09 €
Riotorto	Construción Residencia	1.200.000,00 €
Laza	Construción Residencia	1.200.000,00 €
Gudiña	Construción Fogar Residencial	469.727,78 €
Trasmiras	Construción Residencia	1.200.000,00 €
Xunqueira de Ambía	Construción Residencia	1.200.000,00 €
Ramirás	Construción Centro de día	431.791,59 €
Fornelos de Montes	Construción Fogar Residencial	1.085.305,08 €
Avión	Reforma Centro Integral (VC, CD, Residencia)	200.000,00 €
Sobrado	Construción Centro de día	348.572,37 €
Peroxa	Construción Residencia	1.200.000,00 €



Vilamarín	Construción Centro de día	599.810,61 €
Boimorto	Reforma e ampliacion da Residencia municipal	500.000,00 €
Crecente	Reforma e ampliación de Residencia	500.000,00 €
Abadín	Construción Residencia	1.200.000,00 €
Carballada de Avia	Construción Centro Social	285.301,30 €
		18.520.000,00 €

De conformidade co previsto na cláusula 4ª do referido acordo marco, para a execución do plan de investimentos, unha vez seleccionados os proxectos obxecto de financiamento, formalizaranse convenios de carácter plurianual entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e os concellos seleccionados.

Xa que logo, en todos estes casos a sinatura dun convenio de colaboración para o financiamento das actuacións proxectadas polos concellos seleccionados ao abeiro do acordo marco asinado entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a FEGAMP, de conformidade cos criterios anteriormente expostos, permite dar cumprimento ao obxectivo de favorecer os apoios e coidados de proximidade con recursos adaptados ao novo modelo asistencial, centrado na persoa, e fortalecendo deste xeito a rede de centros de menor tamaño e maior proximidade en zonas rurais que carecen deste tipo de equipamentos, garantindo así a participación das persoas usuarias en actividades da vida cotiá e a súa interacción social un entorno de proximidade.

Por todo o exposto, existe un evidente interese público de colaborar no desenvolvemento das actuacións descritas, considerando o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que a necesidade destas actuacións e o interese común de dar resposta á necesidade de dotar aos concellos anteriormente relacionados dun recurso asistencial que posibilite unha adecuada atención ás persoas maiores que carecen dun equipamento destas características ou mellorar un recurso asistencial que posibilite unha adecuada atención ás persoas maiores, adaptándoo ao novo modelo asistencial, centrado na persoa, xustifica a colaboración do Consorcio no financiamento das anteditas actuacións, concretándose esta colaboración cos referidos concellos nos convenios para tal fin.



Xúntase como anexo a esta memoria a seguinte documentación:

1. Acordo Marco entre a FEGAMP e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o desenvolvemento do Plan de Investimentos para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais públicos municipais do 1.3.2022 e addenda do 19.12.2023 pola que se prorroga a vixencia deste acordo.
2. Modelo de solicitude de participación no Plan de Investimentos para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais públicos municipais e publicación no DOG do anuncio polo que se lle dá publicidade ao Acordo Marco e ao prazo para a presentación de solicitudes.
3. Acta de constitución da Comisión Mixta Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar- Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do 23.9.2022, no ámbito do Acordo Marco entre a FEGAMP e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o desenvolvemento do Plan de Investimentos para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais públicos municipais.
4. Acta da Comisión Mixta do 3.4.2024 de selección de proxectos obxecto de financiamento no ámbito do Acordo Marco entre a FEGAMP e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o desenvolvemento do Plan de Investimentos para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais públicos municipais.
5. Solicitudes e proxectos presentados polos concellos seleccionados, e informes sobre duplicidade e sustentabilidade financeira, nos casos esixidos pola normativa de aplicación.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Perfecto Rodríguez Muíños

